

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a través da súa vicevoceira e a iniciativa dos seu deputado Juan M. Fajardo Recouso, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao establecemento dun mecanismo de compensación para as traballadoras e traballadores do marisqueo.

Exposición de motivos

Nos últimos anos estamos asistindo a continuos peches dos bancos marisqueiros no conxunto das rías galegas, esta situación engadida as afectacións e mortandade dos moluscos provocadas por diversas patoloxías e organismos adversos, teñen colocado ao sector nunha lenta agonía que ameaza coa súa extinción.

Neste contexto e tendo en conta que estas traballadoras o fan sobre un ben público, o mar, do que non son responsábeis finais da súa situación e calidade, e que o control e mantemento da calidade das augas é responsabilidade da Xunta e do Estado, cómpre garantir que o medio teña as condicións necesarias para a súa actividade e a salubridade de tódolos cidadáns deste país.

Polo tanto moitas das perdas da súa actividade son achacables a actuación, ou non actuación da administración no mantemento dunha condicións mediambientais dignas dos nosos mares e rías.

De igual xeito que existía un seguro de mal tempo que atendía as necesidades dos noso mariñeiros cando estes non podían saír a faenar, cómpre cubrir as nosas mariscadoras cando non poden traballar por motivos alleos as mesmas, como os peches por toxina, mortalidade, etc...

Polo exposto formulamos a seguinte proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

* Estableza un mecanismo de compensación, suficientemente dotado orzamentariamente, para compensar os peches alleos a actuación das mariscadoras, cando estes peches non poidan dar lugar a percepción de prestación algunha por parte da administración central.

* O Goberno establecera unha comisión mixta para determinar as condicións concretas desta prestación, na que figurarán cando menos a representación directa das mariscadoras do xeito que estas determinen.

En Compostela, a 16 de novembro do 2015.

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 16/11/2015 10:09:18

Yolanda Díaz Pérez na data 16/11/2015 10:09:22